



OS IMPRESCINDIBLES
NA TÚA MALETA DE
VERÁN

Seis *looks* para
que non che
falte de nada...



É tempo de deixars e levar pola lectura sen pensar en nada máis. Non importa onde esteas ou onde pases o verán, deixáte acompañar por un bo libro.

PARA UN BO DÍA DE PRAIA...



Leva na bolsa *A cidade sen roupa ao sol* de MARGA DO VAL, un libro libro intenso, cheo de vida, de reflexión e paixón que foi galardoado co Premio da Crítica á mellor obra poética en lingua galega de 2010. Ao xeito dos guións cinematográficos, *Náufrago do paraíso* de Marcos Calveiro presenta os momentos e as amizades de Lois Pereiro, poeta homenaxeado este ano no *Día das Letras Galegas*. Imprescindible. E para refrescarse nada mellor que o *Tinto de verano* de Elvira Lindo, escrito cun gran sentido do humor.

PARA
A MONTAÑA



Se es dos que prefiren as aventuras, o misterio, o contacto coa natureza, as paixóns, posiblemente esta sexa a túa mellor opción á hora de encher a túa bolsa de viaxe.



Podes combinar a lectura de *El vuelo del cuervo* que utiliza o conflito da 2ª guerra mundial e a ocupación en Francia para contarnos unha historia de amor coa lectura do poemario *Cero* de ORIANA MÉNDEZ, onde todo parece destruído e acabado de nacer, como talvez se nos queira sinalar no título. Se prefires narrativa, *O espírito do último verán* é o título da novela gañadora da última edición do Premio Edebé. Para a súa autora, Susana Vallejo, trátase dunha novela de «aventuras e sentimentos, protagonizada por un home que nunca esqueceu os veráns pasados na casa do pobo da familia». *El túnel* é a novela máis coñecida de ERNESTO SÁBATO que fala da dificultade da comunicación e a relatividade da moral, o amor e os celos.



PARA O AEROPORTO convidámosche a viaxar cunha suxestiva equipaxe.



Emáus de ALESSANDRO BARICCO está protagonizada por uns mozos de educación católica que ven como as súas vidas dan un xiro inesperado cando coñecen a unha moza que procede dun mundo moi distinto.

En **Cartas a un joven novelista**, MARIO VARGAS LLOSA diríxese a todos aqueles que teñen a ilusión de chegar a ser escritores cunhas magníficas reflexións en forma epistolar.

Indignádevos! é unha obra directa, reivindicativa e axitadora cuxo autor, STÉPHANE HESSE é un supervivente dos nazis, que aos seus 93 anos, diríxese á sociedade en xeral e á mocidade en particular, para que reaccione ante a inxusta realidade social, económica, política e medioambiental.



PARA AS NOITES DE PELÍCULA



Sen retorno, do arxentino Miguel Cohan enfoca de forma intimista e psicolóxica o tema da culpa e da impunidade nunha espiral sen volta atrás. Conta coa interpretación dos actores Leonardo Sbaraglia e Federico Luppi.

María y yo é a adaptación ao cinema da novela gráfica do mesmo nome de Miguel Gallardo, Premio Nacional de Cómic 2008. Relata a historia da viaxe que fan a Canarias o propio Miguel e a súa filla autista para pasar unhas vacacións de verán xuntos.

Un verano en la Provenza do francés Eric Guirado nos leva ás aldeas illadas do Sur de Francia onde Antoine vai reencontrarse co país da súa infancia, coa alegría de vivir e pode ser que co amor.

Ni uno menos reivindica a importancia da escolarización infantil, pero non a escola por ela mesma, senón unha educación unida á vida. Detrás desa sinxeleza escóndense unha serie de símbolos, que lidos entre liñas, fan de algo sobrio e austero, algo magnífico, grande, cunha vontade que conmove.

PARA AS NOITES DE TEATRO



Historia de Helena e María de ROBERTO SALGUEIRO. Guerra civil, emigración, lembranzas, vinganzas, amores, sonhos, libros... Todos os ingredientes baixo a interpretación de María Barcala e Lucía Regueiro.

Marta ante o espello de TERESA CALO aborda o tema da anorexia e a súa complexidade.

Por el placer de volver a verla un texto de MICHEL TREMBLAY do que brota a máis emocionante e cotiá verdade interpretada por Miguel Ángel Solá e Blanca Oteyza.

Memorias dun neno labrego, monólogo interpretado por Cándido Pazó, co que a compañía *Abrapalabra* rende homenaxe ao libro de XOSÉ NEIRA VILAS cando se cumpren 50 anos da súa publicación.

PARA TODOS OS DÍAS: OS BÁSICOS



A música de **CARMEN PARÍS** é unha mestura fascinante de sons arábigo-flamencos, porteños, andinos, sefardíes, caribeños, rock e mesmo xotas. Unha proposta sonora arriscada e moi atractiva.

Pel con pel recolle fotos, poemas e textos de Alfredo Ferreiro, Begoña Caamaño, Dolores Tembrás, Eduardo Estévez, Francisco Castro, Leticia Costas, Marta Dacosta, Román Raña, X. M. Álvarez Cáccamo e Yolanda Castaño para ver e ler cada día, aos poucos.